De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Vistos escritos presentado por M<sup>a</sup> Isabel Lamela Guerra, en representación de FERTAT OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o último deles de data 17 de novembro de 2011, Rexistro de Entrada n<sup>o</sup> 4988, de data 18 de novembro de 2011, solicitando devolución de aval constituído o 14 de setembro de 2007, correspondente a obra Abastecemento de Auga en Corrospedriños, Cortegada e Manduas PSA/06.


Visto o informe emitido por Roberto Estévez Vázquez, enxeñeiro técnico forestal, na súa calidade de Director de Obra “Abastecemento de Auga en Corrospedriños, Cortegada e Manduas”, de data 19 de marzo de 2010, Rexistro de Entrada n<sup>o</sup> 291 de data 21 de xaneiro de 2013 que se transcribe:

*“Roberto Estévez Vázquez, Enxeñeiro Técnico Forestal n<sup>o</sup> 450 do COETF de Galicia, na súa calidade de Director de Obra do proxecto "ABASTECIMIENTO DE AGUAS EN CORROSPEDRIÑOS, CORTEGADA y MÁNDUAS", procede a emitir informe en relación a solicitude presentada por parte da empresa Fertaf Obras y Servicios, S.L. de devolución dos avals depositados respecto das obras sinaladas, das que foi adxudicatario.*

**INFORME:**

*Dacordo o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron na contratación das obras de: "ABASTECIMIENTO DE AGUAS EN CORROSPEDRIÑOS, CORTEGADA y MÁNDUAS", e posterior contrato administrativo extendido entre as partes, a empresa Fertaf Obras y Servicios, S.L., fixo depósito das correspondentes garantías segundo establece os artigos 83 e 84 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.*

*En resposta a solicitude realizada pola empresa constructora das obras anteriormente citadas, dado que o prazo de garantía expirou, e non se advirte ningunha circunstancia que impida, segundo o que establece o artigo 90 da lei*





*30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a devolución e cancelación das mesmas.*

*Como director das obras de referencia, considero que en aplicación do citado artigo, e das consideracións expostas na solicitude dirixida o Excmo. Concello de Silleda, procede a devolución das correspondentes garantías depositadas perante esta administración por parte da empresa Fertaf Obras y Servicios, S.L. afectas o proxecto "ABASTECIMIENTO DE AGUAS EN CORROSPEDRIÑOS, CORTEGADA y MÁNDUAS"*

**A Xunta de Goberno Local acorda:**

**Aprobar a devolución do aval solicitado correspondente a obra "Abastecimiento de Aguas en Corrospedriños, Cortegada e Manduas".**

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto no incluído na orde do día, que se declara urxente:

**1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por María del Carmen Castro López.**

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 13 de febreiro de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:


**Nome a Apelido**

**Enderezo**

**María del Carmen Castro López**

**Carral, 11 - Taboada - Silleda**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de María del Carmen Castro López nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 13 de febreiro de 2013.



## **2.- Aprobación Facturación 4º trimestre Espina y Delfin, S.L.**

Dase conta do escrito remitido por Espina & Delfin S.L., de data 13 de febreiro de 2013, (Rexistro de Entrada nº 780, de data 14 de febreiro de 2013), remitindo facturación correspondente ó 4º trimestre de 2012, ascendendo:

- Total facturación: 132.803,75 €.
- Total facturación (s/canon): 114.901,01 €

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** prestar aprobación a facturación correspondente o 4º trimestre de 2012.

## **3.- Proxecto de Mellora do Centro Cultural “Vista Alegre” de Bandeira.**

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o pasado día 24 de xaneiro de 2013 acordou **Aprobar o proxecto técnico** “Proxecto de mellora do Centro Cultural “Vista Alegre” de A Bandeira: situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros ( IVE 21% incluído: 31.500 euros).

Visto que no expediente de aprobación **consta informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 “Informe técnico”, que se transcribe:**

### **“INFORME TÉCNICO**

*“A instancias da Alcaldía do Concello de Silleda, emítese o seguinte Informe Técnico coa proposta dos criterios de valoración para a licitación do expediente “Mellora das Instalacións do Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira”.*

### *Criterios de valoración*

*1 Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se prevé levar a cabo unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor custo de execución, menor prazo, menores consumos, etc.) utilizaranse as seguintes fórmulas, con un valor de puntuación máxima de 100 puntos:*

*1.1 Para valores inferiores ao valor medio ofertado (a media das baixas propostas):*



$P = (0,8 \times \text{Puntuación máxima do criterio}) \times \text{valor ofertado} / \text{valor medio ofertado}$

1.2 Para as ofertas iguais ou superiores á baixa media:

$P = (0,8 \times \text{puntuación máxima}) + ((0,2 \times \text{puntuación máxima}) \times (A/B))$

Onde:

A= Diferenza entre o valor ofertado e a baixa media

B= A maior diferenza entre o valor ofertado e a baixa media.

O valor ofertado obterase restando aos valores de referencia previstos no prego de condicións (tipo de licitación, prazo de execución, custo de execución, prezo, consumos, etc.) os valores ofertados polos licitadores:

$\text{Valor ofertado} = \text{Valor de referencia da Administración} - \text{Valor proposto polo licitador}$

2 Para valorar aqueles criterios nos que se prevé levar a cabo un aumento dos valores propostos pola Administración (aumento do prazo de garantía, incrementos de persoal, incremento do control de calidade, etc.) utilizaranse a seguinte fórmula, con un valor de puntuación máxima de 100 puntos:

2.1 A máxima puntuación corresponderá ás empresas que oferten un incremento igual ou superior á media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores (incremento medio ofertado).

2.2 Para valorar os incrementos inferiores a media aritmética dos incrementos propostos polos licitadores:


$P = \text{Puntuación máxima do criterio} \times (\text{Incremento ofertado} / \text{incremento medio ofertado})$

O incremento ofertado obterase restando dos valores ofertados polos licitadores o valor de referencia previsto no prego de condicións (prazo de garantía, número de persoal, control de calidade, etc.)

$\text{Incremento ofertado} = \text{Valor proposto polo licitador} - \text{valor de referencia da Administración.}$

*En caso de empate, propónse resolvelos a favor da proposición que inclúa un menor prezo."*

**Visto o informe de Secretaría de data 22 de xaneiro de 2013**, así como o contido da acta da Xunta de Goberno Local de 24 de xaneiro de 2013, onde se recolle a necesidade de aclaración do informe técnico sobre criterios de valoración.



Visto que encargouse novo informe técnico a José Luis Sanmiguel Guerreiro, Arquitecto.

Visto que, por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 emítase o seguinte informe titulado “Informe al proyecto de Mellora del Centro Cultura “Vista Alegre” de A Bandeira”, que transcríbese a continuación:

*“El que suscribe, JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO, Arquitecto Colegiado nº 2.564, como redactor del Proyecto de MEJORA DEL CENTRO CULTURAL “VISTA ALEGRE” DE A BANDEIRA, a solicitud del Concello de Silleda, emito el Informe con el fin de proponer aquellas Mejoras adicionales y Calendario que estimo adecuadas para la licitación y posterior ejecución de las obras.*

*A continuación se enumeran una serie de Mejoras que distinguiré entre las que afecten a la ejecución y las que afectan al calendario de ejecución. Por ello iniciaremos la descripción de las mejoras adicionales que podrían ser incluidas en el proceso de licitación, incluyendo tanto su cuantificación económica como una propuesta de valor para su baremación.*

### **1. MEJORAS ADICIONALES**

*Considerando tanto las características del proyecto de Mejora, como las características y estado que las actuales instalaciones presentan, se entiende que podrían ser de interés las siguientes mejoras.*


#### **1.a. Lamas graduables exteriores.**

*Valor Baremo propuesto: 0,31*

*El proyecto presentado incluye un cierre exterior en la fachada de acceso por medio de lamas graduables exteriores que permitirían un mejor control de las condiciones interiores de uso, ante las diferentes situaciones climatológicas que durante todo el año esa fachada experimentará.*

*Parece conveniente, a criterio del redactor de este informe, que se extendiera este tipo de acabado exterior a parte de la fachada izquierda, para de este modo mejorar el efecto de conjunto con una imagen global más coherente en la que se aprovecharían además sus efectos por su uso. Ésta existe en el proyecto, por ello, únicamente se ha cuantificado la superficie mínima que podría ser objeto de esta mejora adicional.*

*La descripción y propuesta para ésta es la siguiente:*



- Cierre exterior formado por bastidor de aluminio lacado con lamas graduables de madera de iroko, herrajes de colgar y seguridad en acero inox, totalmente instalada.

Precio proyecto: 44,28 €/m<sup>2</sup>

Se considera debería aplicarse en una superficie de 20m<sup>2</sup>, y en consecuencia:

|           |                                              |            |
|-----------|----------------------------------------------|------------|
| PEM:      | 20 m <sup>2</sup> x 44,28 €/m <sup>2</sup> = | 885,60 €   |
| GG(13%):  | 885,60 * 0,13 =                              | 115,13 €   |
| BI (6%):  | 885,60 * 0,06 =                              | 53,13 €    |
| Subtotal: |                                              | 1.053,86€  |
| Iva(21%): | 1.053,86 * 0,21=                             | 221,31€    |
| Total:    | 1.053,86 * 1,21=                             | 1.275,17 € |

**1.b.Limpieza y pintado barniz protector fachadas. Valor Baremo propuesto: 2,36**

En la actualidad las fachadas de la ampliación se encuentran con pequeñas eflorescencias y manchas consecuencia de la falta de uso y mantenimiento. Por este motivo se podría plantear como mejora adicional una limpieza de la pintura actual para con posterioridad proceder a un tratamiento que facilite el mantenimiento futuro, con los consecuentes ahorros para la propiedad.

- Preparación y limpieza de paramentos, para posterior tratamiento, mediante procedimientos mecánicos.


Precio estimado: 3,00 €/m<sup>2</sup>

- Pintura/barniz de protección contra la luz y alcalinidad sobre el soporte y acabado existente, con un aspecto similar pero que reduzca su mantenimiento futuro. Los productos y métodos a aplicar serán presentados a la dirección que decidirá sobre su conveniencia.

Precio estimado: 12,00 €/m<sup>2</sup>

En consecuencia, considerando que la superficie de fachadas es de 450,00 m<sup>2</sup>

|           |                                               |            |
|-----------|-----------------------------------------------|------------|
| PEM:      | 450 m <sup>2</sup> x 15,00 €/m <sup>2</sup> = | 6.750,00 € |
| GG(13%):  | 6.750 * 0,13 =                                | 877,50€    |
| BI (6%):  | 6.750 * 0,06 =                                | 405,00 €   |
| Subtotal: |                                               | 8.032,50 € |



|           |                  |            |
|-----------|------------------|------------|
| Iva(21%): | 8.032,50 * 0,21= | 1.686,82€  |
| Total:    | 8.032,50 * 1,21= | 9.719,32 € |

**1.c. Estanterías biblioteca de obra en Pladur.** Valor Baremo propuesto: 0,68

Se considera la ejecución de estanterías de obra en la biblioteca prevista. De este modo se produciría un ahorro considerable del futuro amueblamiento necesario.

- Las estanterías previstas se ejecutan en sistema "pladur" o similar hasta cubrir la superficie que se planteaba en el proyecto. Se consideran necesarios estantes de 0,45 m de fondo y la previsión es una longitud lineal de unos 15 metros. Se estima además que serán necesarios 5 niveles de baldas, y en consecuencia se considera una superficie total de 33,75 m2,

|            |                         |            |
|------------|-------------------------|------------|
| PEM:       | 33,75 m2 x 57,75 €/m2 = | 1.949,06 € |
| GG(13%):   | 1.949,06*0,13 =         | 253,38€    |
| BI(6%):    | 1.949,06*0,06 =         | 116,94€    |
| Subtotal:  |                         | 2.319,38 € |
| Iva (21%): | 2319.38 * 0,21 =        | 487,07 €   |
| Total:     | 2.319,38 * 1,21 =       | 2.806,45 € |

**1.d.Impermeabilización Sótano.** Valor Baremo propuesto: 3,65

En el presupuesto del proyecto se ha considerado necesaria una partida que serviría para paliar los problemas de presencia de aguas en el sótano. Por cuestiones de ajuste presupuestario se incluía la posibilidad de solucionar estos problemas en una parte del sótano (zona de las escaleras y ascensor).

Ésta podría ser adecuada como mejora adicional para resolver definitivamente el problema y ampliar esta impermeabilización a la totalidad del sótano.

Las partidas existentes en el proyecto para esta mejora adicional, son:

- Demolición de solera o pavimento de hormigón en masa, de 10 cm. de espesor, con retropala excavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de escombros a pie de carga y p.p. de costes indirectos.
- Excavación, por medios manuales, de terreno de consistencia dura, en vaciado de sotana, con extracción de tierras, carga manual y transporte a vertedero autorizado, i/p.p. de costes indirectos.



- Encachado de piedra caliza 40/80mm. en sub-base de solera, i/extendido y compactado con pisón.
- Recrecido de mortero de cemento y arena de río M 2,5 según UNE-EN 998-2, de 2 cm. de espesor, maestreado.
- Film protector de polietileno
- Solera elevada mediante cámara, tipo Caviti Form, Cupolex o calidad equivalente de elementos modulares prefabricados PP-PET de PVC reciclado termoinyectado. Las piezas modulares serán de altura 100 mm. Comprendiendo: Suministro de las piezas y montaje, siguiendo las flechas indicativas impresas de izquierda a derecha por hileras, formando cada cuatro módulos, un pilar de apoyo hermético sobre la superficie de soporte, que será relleno con Hormigón HM-20 N/mm<sup>2</sup>, consistencia plástica, T<sub>máx.</sub> 20 mm., para ambiente normal, elaborado en central en solera, incluso vertido, compactado según EHE, p.p. de vibrado, regleado y curado en so/eras, formando capa de compresión de 5 cm. se incluye además el corte de piezas para soluciones especiales como el encuentro con soportes y piezas finales de cierre. Medida la superficie ejecutada.
- Formación de cámara bufa formado por cámara de aire de 5 cm. con formación de canaleta inferior de evacuación y pipetas de ventilación, aislamiento con planchas de poliestireno expandido de 40 mm. de espesor y 20 Kg/m<sup>3</sup>. de densidad y tabicón de ladrillo hueco doble, sentado con mortero de cemento CEM II/A-P 32,5 R y arena de río M 5 según UNE-EN 998-2, i/p.p. aplomado, nivelación, roturas, humedecido de piezas y colocación a restregón según CTE/DB-SE-F. Quedará la pared totalmente terminada lista para revestir.

En consecuencia, esta mejora adicional ascendería a un presupuesto:

|            |                      |             |
|------------|----------------------|-------------|
| PEM:       |                      | 10.448,87 € |
| GG (13%):  | $10.448,87 * 0,13 =$ | 1.358,35 €  |
| BI (6%):   | $10.448,87 * 0,06 =$ | 626,93 €    |
| Subtotal:  |                      | 12.434,16 € |
| Iva (21%): | $12.434,16 * 0,21 =$ | 2.611,17€   |
| Total:     | $12.434,16 * 1,21 =$ | 15.045,32 € |

|     | Descripción mejoras                          | PEM        | Valor Baremo |
|-----|----------------------------------------------|------------|--------------|
| 1.a | Lamas graduables exteriores                  | 885,60 €   | 0,31         |
| 1.b | Limpieza y pintado barniz protector fachadas | 6.750,00 € | 2,36         |
| 1.c | Estanterías biblioteca de obra en Pladur     | 1.949,06 € | 0,68         |



|     |                           |             |      |
|-----|---------------------------|-------------|------|
| 1.d | Impermeabilización Sótano | 10.448,87 € | 3,65 |
|     |                           |             | 7,00 |

## 2. MEJORAS DE PLAZOS

*En el proyecto se ha considerado un amplio plazo de referencia para la ejecución de las obras, de 4 meses. Sin embargo a criterio técnico, se entiende que un adecuado estudio por parte de la empresa con una eficiente organización y programación de las obras podría reducir en gran medida, y manteniendo en todo caso un alto nivel de seguridad y salud así como de la necesaria calidad en la obra a ejecutar.*

*Se podría considerar una mejora de 0,875 aplicable por cada semana de adelanto sobre el plazo inicial.*

|   | Descripción mejoras | Valor Baremo |
|---|---------------------|--------------|
| 1 | Semanas             | 0,875        |
| 2 | Semanas             | 1,75         |
| 3 | Semanas             | 2,625        |
| 4 | Semanas             | 3,50         |
| 5 | Semanas             | 4,375        |
| 6 | Semanas             | 5,25         |
| 7 | Semanas             | 6,125        |
| 8 | Semanas             | 7,00         |

*Estimando que esta propuesta de mejoras adicionales y de plazos, sea de utilidad de la Administración contratante, me pongo a su disposición para las aclaraciones pertinentes."*

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

**1º.- Aprobar o informe emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado "Informe al proyecto de mejora del Centro Cultura "Vista Alegre" de A Bandeira".**





2º.- Sustituir o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 polo emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado “Informe al proyecto de mejora del Centro Cultura “Vista Alegre” de A Bandeira”, transcrito anteriormente e que pasa a formar parte deste expediente, indicando que esta substitución non produce ningunha modificación no resto do expediente.

3º.- Deixar sin efecto o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 que consta neste expediente.


**4.- Proceso de selección para a concesión dunha bolsa de colaboración coa FEUGA para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro, ano 2013**

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do proceso de selección que tivo lugar o pasado día 12 de febreiro de 2013 para unha bolsa de colaboración coa FEUGA para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro, ano 2013, xuntamente co certificado do Secretario do Tribunal que transcribese a continuación:

*“DAVID GARCIA LAREO, SECRETARIO DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO, ANO 2013*

*CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros do Tribunal, outorgáronse as seguintes puntuacións ós aspirantes presentados tendo en conta que a fase de valoración de méritos supón o 40% da puntuación total do proceso de selección e a fase de proba oral suporá un 60% da puntuación total do proceso de selección:*

| Nome e apelidos       | D.N.I.       | Méritos | Entrevista persoal | TOTAL |
|-----------------------|--------------|---------|--------------------|-------|
| Noelia Pérez Lista    | 44.849.556-Q | 0,40    | 0,60               | 1,00  |
| Lidia Alvarez Vila    | 53.482.076-S | 1,62    | 1,20               | 2,82  |
| Carla Figueira Romero | 35.469.666-D | 1,20    | 1,20               | 2,40  |
| Yessica Pouso Castro  | 53.486.140-P | 1,20    | 0,60               | 1,80  |



| <i>Nome e apelidos</i>               | <i>D.N.I.</i>       | <i>Méritos</i> | <i>Entrevista<br/>persoal</i> | <i>TOTAL</i> |
|--------------------------------------|---------------------|----------------|-------------------------------|--------------|
| <i>Noemi Castelao Racionero</i>      | <i>36.581.035-H</i> | <i>0,88</i>    | <i>0,60</i>                   | <i>1,48</i>  |
| <i>Yessica Estévez Carballido</i>    | <i>77.011.819-E</i> | <i>1,10</i>    | <i>1,80</i>                   | <i>2,90</i>  |
| <i>Marta López Carreiro</i>          | <i>45.872.605-W</i> | <i>0,80</i>    | <i>0,60</i>                   | <i>1,40</i>  |
| <i>Virginia Osorio Telle</i>         | <i>44.483.305-V</i> | <i>1,18</i>    | <i>0,60</i>                   | <i>1,78</i>  |
| <i>Alexandre Fernández<br/>Ramos</i> | <i>44.484.874-E</i> | <i>1,40</i>    | <i>3,00</i>                   | <i>4,40</i>  |
| <i>Sonia Díaz Pena</i>               | <i>44.093.134-H</i> | <i>0,84</i>    | <i>1,80</i>                   | <i>2,64</i>  |
| <i>Daniel Gómez Pallares</i>         | <i>77.418.201-V</i> | <i>1,60</i>    | <i>2,40</i>                   | <i>4,00</i>  |

*Por último o Tribunal, á vista da puntuación anterior, acordou, por unanimidade, propoñer para a concesión DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO, ANO 2013, o seguinte aspirante:*

*Dº Alexandre Fernández Ramos, D.N.I. nº 44.484.874-E*

*Reserva:*

*Dº Daniel Gómez Pallares, D.N.I. nº 77.418.201-V*

*E para que así conste, expido a presente e, Silleda, a doce de febreiro de dous mil trece.*

*O SECRETARIO DO TRIBUNAL  
Asdo. David García Lareo"*

**A Xunta de Goberno Local queda enterada.**

#### **5.- Eleccións dos membros dos Consellos Parroquiais.**

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta do calendario de Eleccións dos Consellos Parroquiais 2013 que terán lugar os seguintes días.



| Mes de Febreiro de 2013 |           |     |           |     |           |
|-------------------------|-----------|-----|-----------|-----|-----------|
| Día                     | Parroquia | Día | Parroquia | Día | Parroquia |
| 18                      | Pazos     | 19  | Cira      | 20  | Rellas    |
| 21                      | Abades    | 22  | Saidres   |     |           |

| Mes de Marzo de 2013 |                 |     |           |     |           |
|----------------------|-----------------|-----|-----------|-----|-----------|
| Día                  | Parroquia       | Día | Parroquia | Día | Parroquia |
| 1                    | Breixa          | 4   | Dornelas  | 5   | Oleiros   |
| 6                    | Ansemil-Martixe | 7   | Cervaña   | 8   | Margaride |
| 11                   | Moalde          | 12  | Ponte     | 13  | Grava     |
| 14                   | Xestoso         | 15  | Lamela    | 18  | Cortegada |
| 19                   | Refoxos         | 20  | Laro      | 21  | Escuadro  |
| 22                   | Carboeiro       | 25  | Negreiros | 26  | Chapa     |

| Mes de Abril de 2013 |           |     |           |     |           |
|----------------------|-----------|-----|-----------|-----|-----------|
| Día                  | Parroquia | Día | Parroquia | Día | Parroquia |
| 1                    | Siador    | 2   | Fiestras  | 3   | O Castro  |
| 4                    | Piñeiro   | 5   | Manduas   |     |           |

Asimesmo polo Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta das normas que regulan a participación nas Eleccións dos Membros dos Consellos Parroquiais, as cales transcribense a continuación:

*"NORMAS QUE REGULAN A PARTICIPACIÓN NAS ELECCIÓNS DOS MEMBROS DOS CONSELLOS PARROQUIAIS.*

*O Consello Parroquial é o representante da parroquia, en tal condición, terán o carácter de autoridade no cumprimento dos seus cometidos.*

*Artigo 1.- Tal e como se recolle no Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o luns 12 de decembro de 2011, cada Consello Parroquial estará composto por:*



Presidente: un/unha veciño/a da parroquia.

Vicepresidente, que actuará así mesmo como Secretario: un/unha veciño/a da parroquia.

Vogais: ata un máximo de cinco veciñas ou veciños da parroquia, amais de representantes das entidades de participación cidadá legalmente constituídas, inscritas

no Rexistro Municipal, que teñan como único ámbito de actuación a parroquia.

Os membros do Consello Parroquial serán elixidos pola Asemblea Parroquial, constituída por todos os veciños e veciñas da parroquia maiores de 18 anos, incluídos no censo municipal. O candidato con maior número de votos será Presidente, o segundo vicepresidente e os sucesivos vogais.

En caso de incapacidade, renuncia ou falecemento, os cargos serán substituídos por aquelas persoas que ocupasen a suplencia, no caso de que non houberse suplentes, o posto so sería restituído a proposta da Asemblea Parroquial.

O cese dos membros do Consello Parroquial antes do esgotamento do seu mandato farase a proposta da Asemblea Parroquial, por maioría dos asistentes á Asemblea.

Cada parroquia constitúe unha circunscrición, na que se elixe o número de representantes do Consello Parroquial, que resulte da aplicación da seguinte recomendación da Concellaría de Participación Cidadá:

| <b>Representantes</b>             |          |
|-----------------------------------|----------|
| <i>Ata 100 residentes</i>         | <i>2</i> |
| <i>De 101 a 250 residentes</i>    | <i>3</i> |
| <i>De 251 a 500 residentes</i>    | <i>4</i> |
| <i>A partir de 501 residentes</i> | <i>5</i> |

Aos que se poderán unir un representante elixido en asemblea por cada un dos colectivos que teñan enderezo social e dinamicen socialmente a parroquia.

No suposto de que nalgunha parroquia non se presentasen representantes para formar o Consello Parroquial, a Asemblea Parroquial propoñerá para elección o número de

veciños ou veciñas recomendado para tal representación; se estes rexeitasen a escolla, a parroquia poderá recorrer aos representantes propostos polos colectivos



*con sede na mesma a fin de establecer o órgano interlocutor co Concello e coas competencias atribuídas ao mesmo recollidas no artigo 32 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Silleda.*

**Artigo 2.- Requisitos para ser elector e elixible**

*1º.- Ter cumpridos 18 anos.*

*2º.- Estar inscrito/a no Padrón Municipal como ve ciño/a da parroquia.*

**Artigo 3.- Requisitos para presentarse:**

*1º.- Cumprir os requisitos mencionados no parágrafo anterior.*

*2º.- Non ter sido desposuído/a do dereito de sufraxio pasivo.*

*3º.- Comunicación por escrito a Concellaria de Participación Cidadá.*

*4º.- Comunicación verbal ou por escrito á Mesa 5 minutos antes de dar comezo a votación.*

*Son inelexibles o alcalde ou alcaldesa amais os concelleiros e concelleiras.*

**Artigo 4.- Lugar e forma da votación:**

*As eleccións terán lugar no Local Social de cada parroquia no día da semana que se determine polo Concelleiro de Participación Cidadá, a convocatoria será realizada cunha antelación de 7 días.*

*Deixarase un mínimo de 3 horas para a votación, que se realizará nunha urna colocada ao efecto.*

*A Mesa estará constituída da seguinte maneira:*

*Presidente/a: Un/ha veciño/a da parroquia, elixido por sorteo entre o padrón municipal*

*de residentes na parroquia, con comunicación previa por parte do Concello.*


*1º Vogal: Un/ha veciño/a da parroquia, elixido por sorteo entre o padrón municipal de residentes na parroquia, con comunicación previa por parte do Concello.*

*2º Vogal: Un/unha traballador/a municipal.*

*Para o caso de Presidente/a e 1º vogal sortearanse tamén dous suplentes para cada posto.*

*De non asistiren as persoas ás que lles tocasse a devandita responsabilidade por sorteo,*

*excepcionalmente exercerá as funcións o Concelleiro de Participación Cidadá.*



### **Artigo 5.- Duración**


*Cada catro anos renovaranse todos os membros do Consello Parroquial, seguindo os tempos da lexislatura a nivel municipal, limitándose a tres o número de períodos consecutivos de pertenza a este órgano, e a seis os descontinuos."*


De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** quedar enterada tanto do calendario de eleccións dos Consellos Parroquiais como das normas que regulan a participación nas eleccións dos membros dos Consellos Parroquiais, e poñer ambas na páxina web do Concello de Silleda.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 14.02.13), dou fe e certifico.

Silleda, a 14 de febreiro de 2013.

  
V. e. Prade  
A ALCALDESA,  
Asdo. Paula Fernández Pena

  
Dou fe. O secretario acctal.  
(Decreto 14.02.13)  
Asdo. David García Lareo